

Notas ao programa

Xurxo González

CELLULAR MOVIE:

UNHA BIOPSIA CINEMATOGRAFICA

No outono verá a luz *Cellular Movie*, unha pequena película en termos de duración mais moi grande en termos ontolóxicos. Esta disparidade é o que me leva a escribir unhas liñas sobre o proceso de creación, o que se pretendeu e os logros conqueridos. A proposta de *Cellular Movie* sobrepasa o terreno de comprensión do figurativo para actuar como un caledoscopio, neste caso mellor dito un microscopio, que afonda nos axiomas «celulares» que se sustenta a disciplina cinematográfica nos últimos tempos.

Cellular Movie é unha peza audiovisual feita expresamente para a Mostra de Cinema e Ciencia da Coruña. Convén non infravalorar a motivación xa que para min ocupa unha función moi sobranceira á hora de por en marcha o proceso creativo. Neste caso resulta oportuno salientalo porque desde un principio hai unha vontade de encaixar o proxecto dentro do evento cinematográfico. Explícome, a idea era realizar unha curtametraxe que satisfacera amplamente os presupostos de selección da mostra tendo en conta os contidos e intentar ser máis ambicioso proxectándoa cara outro tipo de reflexións comúns dentro dos debates actuais do cinema e, por que non xeneralizar, das artes.

O punto de partida é a cesión dunhas imaxes de células grabadas cun microscopio. Un material visual onde a súa «forma filmica» (enunciada por David Bordwell) evidencia ata o extremo a súa pureza documental. Segundo a miña maneira de ver, as imaxes destinadas a documentar un experimento científico son a cristalización da esencia do que se dá en chamar documental afastado de polucións e hibridacións. Esta constatación levome a proseguir afondando na natureza cinematográfica, polo que enmarquei este material documental dentro dunha ficción esaxerada que debulla principios de xénero de cine negro, de espías, policiaco e, tamén, de ciencia ficción. Recorrer a estes tipos de palimpsestos consagrados polo imaxinario colectivo fai que en *Cellular Movie* choquen con extrema violencia a «forma

documental» e a «forma ficcional». Unha fricción envolta a súa vez, nunha tautoloxía que resolve con extraordinaria eficiencia a incerteza conceptual do cinema.

Cellular Movie presenta tres película nunha. Non, non ten nada que ver coa moda da espectacularidade do 3D que nos sacode hoxeendía. O público avezado do filme poderá perderse nun cristal poliédrico de afectacións múltiples. Por un lado temos as imaxes documentais, despois temos a encapsulación dentro dunha narrativa extremadamente ficcional e logo temos o filme en sí, emerxido, con autonomía propia, gracias a un proceso alquímico de materialidade absoluta e reveladora constituída a través dos anteriores estadios: o documental e o ficcional. Salvando as distancias a proposta é unha sorte de filme conceptual que podía adherirse o traballo e a maneira de pensar do artista Joseph Kosuth.

Cellular Movie posúe un aspecto máis enleado afastado de tautoloxías efectivas de Kosuth, probablemente derivada da complexidade da natureza do cinema. No filme preténdese chegar alén da presentación de imaxes reais e da ornamentalidade narrativa. *Cellular Movie* é un mecanismo que examina e reclasifica realidades, tamén, como Kosuth, co uso do texto, cuxa función é explorar a natureza da arte e conducilo cara a desmaterialización.

Un camiño cara as unidades mínimas de definición do cine, onde de empraza as consideracións estéticas nun segundo plano e érguese o filme como un obxecto que existe en determinado contexto, enxergado dentro dos «feitos cinematográficos» (que diría Cohen Seat). *Cellular Movie* relega a experiencia visual nutrida de xuízos estéticos e do gusto procedentes da tradición artística e amplificadas pola crítica formalista (que exemplificou Clement Greenberg) para interesarse sobre a natureza do cinema, polo seu cuestionamento e pola súa «razón de ser». É dicir, que o que propón *Cellular Movie* é facer o máis evidente o desprazamento que caracterizou a modernidade que é pasar da «aparencia» ao «concepto».

Malia todas estas boas intencións, a conceptualidade da proposta de *Cellular Movie* só será completa cando o espectador sexa quen de cuestionarse a representación, liberarse da excusa do discurso e quedarse coa formulación da idea. E aquí, como creador é onde intercedo, nunha especie de «función social», desenmascarando os dispositivos normativos e ideolóxicos que se reproducen indolentemente dentro do ámbito da produción audiovisual.

13 POZAS:

RETRANCA CONTEMPLATIVA

Para comezar a falar deste filme hai que facelo polo máis importante: polo seu forte compoñente lúdico-festivo. *13 pozas* caracterízase por ser un aparato filmico que fai gala dun alto nivel de humor derivado da súa extrema fixación referencial. A orixe deste proxecto atópase en que é unha especie de «encargo» para a Mostra e Cine e Ciencia da Coruña procedente do seu director, o crítico cinematográfico Martin Pawley. Mas este aspecto nunca foi revelado ata que se concluiu a película. *13 pozas* pasa por ser un divertimento no que se produce unha interesante relectura do filme *13 lakes* do norteamericano James Benning do que Pawley é un grande e recoñecido admirador.

Tanto eu como Pawley asistimos a conferencia que deu o cineasta de Milwaukee no CGAI da Coruña alá por febreiro de 2009. O impacto foi brutal porque nel vin un artista que coa mínima expresión espaxaba unha alta plusvalía de significantes. Esta lección a exemplifiquei na miña anterior obra, o documental *36/75* mas, ao final, cheguei a conclusión de que fun demasiado explícito.

Durante a inactividade dos días de verán pensei nalgo no que presentar a II Mostra de Cine e Ciencia da Coruña. Nun principio pensei en facer un traballo sobre o proceso de salinación das pequenas charcas da costa do mar da Guarda atraído por simular o proceso creativo do artista Jorge Barbi. Mas ante a miña incapacidade de dar forma a esa influencia volví a mirada cara o traballo de James Benning e da súa obra *13 lakes*, no que lle dedicaba un plano fixo de 7 minutos a cada lago.

13 pozas está lonxe desde guarismos. Respecta o número de planos mas os recorta a un minuto. Esta redución practicada ven a corde coa significación do hipotexto xa que as pozas veñen as ser uns lagos en pequeno; "concavidade, focha, etc no terreo que se enche de auga cando chove, ou nas rochas da beira do mar, que quedan con auga ao baixar a marea". Estes cuadros centrados nestas pozas dan unha visión das peculiaridades biolóxicas da xeografía do socheo (distancia intermareal).

Neste punto entra en xogo aspecto etnográfico que é recuperando a talasonimia da zona, os nomes que reciben algunha das pozas situadas na costa da Guarda, entre Porto Ladrón e Ribel. Estas denominacións engrosan os títulos de crédito que asemellan en ritmo e duración aos realizados polo propio Benning. Mas aquí os nomes son fortemente evocadores de formas, de estar próximos a actividades humanas, á fauna que nelas hai, á cor das augas e, incluso, á temperatura da mesma.

Este é o nivel referencial de *13 pozas*, mas mentres de situalo no que se dá en chamar ironía posmoderna através da copia ou a cita eu quero denominar esta fixación como un elemento festivo que está moi entroncado coa retranca galega. Bennig efectúa nos seus filme un proceso de depuración cinematográfica no que queda absorto pola beleza da natureza e no que reflexiona sobre a contemplación ofrecendo ao espectador asumir a súa condición dándose coa dos vaivens da luz, as pequenas oscilacións da natureza, a presenza do vento, o fora de campo... *13 pozas* tamén ten este receptor sensorial mas ofrece unha proposta audiovisual moito máis concentrada e densa con aportes plenamente da cultura galega como pode ser determinados aspectos do seu patrimonio inmaterial así como un ton retranqueiro puramente galego. Así e todo, hai un programa de segundas intencións no que fai que as singularidades de Galicia emerxa en confrontación co pais-continente (EE.UU.) que aparece nos filmes de Bennig. En *13 pozas* Galicia sae definida dentro da globalidade e saen a palestra todo aporte da tradición nun mundo desenfrenado polo progreso.

Na sucesión das imaxes da pozas saen a reflectir varios aspectos: apesares da escala non teñen nada que envexar aos grandes lagos americanos, o proceso estético das augas e as pedras se produce dunha maneira semellante, e, aínda así, a natureza galega presenta maiores signos de riqueza e variedade, uns escenarios no que o home interactuou desde os comezos dos tempos e que non son capaces de arredarse dos perigos do futuro como pode ser a contaminación.

Esta cartografía do socheo centrada na pozas ofrece a posibilidade de deterse ante o insinificane e no que nunca reparamos. E se a isto se engadimos a sombra de Bennig atopámonos cun amplificador das intencións xa que tamén fago meu o axioma que defende este director americano: «cambiar a perspectiva do público é un acto político». *13 pozas* pasa por ser unha pequena provocación aos códigos expresivos non só do audiovisual galego senón do mundo e, a súa vez, pasa por ser unha proposta no que se atesouran elementos definitorios dunha cultura minoritaria que intenta afrontar con orgullo os retos da globalización.